



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE PADRÓN

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e polo Decreto 74/2018, do 5 de xullo, que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, entre as competencias que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia están ás de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración co Concello de Padrón, regulando a intervención da unidade de adestramento de cans e rastreo e busca adscrita á AVPC de ese concello, na busca, localización e rescate de persoas desaparecidas ou soterradas por derrubamentos de terra e edificacións.

O Concello de Padrón dispón dun Grupo de Emerxencias Supramunicipal “GES” e unha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil que ven colaborando coa Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dende hai varios anos, contando para isto cun grupo de persoal voluntario, coa experiencia e estrutura necesarias para prestar a súa colaboración e auxilio naquelas operacións de protección civil, nas que a súa intervención sexa precisa na localización de persoas desaparecidas ou soterradas por





derrubamentos de terra ou edificios, nestes casos en especial a actuación da unidade de adestramento de cans, rastreo e busca, adscrita á citada AVPC.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Padrón o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello de Padrón, en canto ao apoio da unidade de adestramento de cans de rastreo e busca, adscrita á AVPC de Padrón á acción permanente dos órganos e autoridades con competencia en materia de protección civil, na busca e rescate de persoas desaparecidas en determinadas situacións de emerxencia que se orixinen no sur da provincia de A Coruña e norte de Pontevedra, coma noutros ámbitos da Comunidade Autónoma de Galicia se fora necesario.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.640.00 e código de proxecto 2015 00122 dos orzamentos do ano 2019, por un importe de sete mil euros (7000 €).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación do texto refundido la Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da citada norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

De conformidade co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega, este convenio ten por obxecto a prestación dun servizo básico e esencial para os cidadáns que é exercido de forma exclusiva no territorio sur da provincia de A Coruña e norte de Pontevedra pola entidade asinante, non sendo posible promover a concorrência pública pola especificidade das características da entidade e maila actividade destinatária da axuda.

Santiago de Compostela
O director xeral de Emerxencias e Interior
Santiago Villanueva Álvarez

